



A LOITA CONTRA CORONAVIRUS
E.F. 3º-4ºNA CASA!

**FIGHT
VIRUS**



A LOITA CONTRA O COVID-19

E.F. NA CASA! 3º-4º

COLLE UN DADO, TÍRAO... E A XOGAR!

1. Saltar 10 veces chocando as palmas no aire á vez.
2. De pé, sentarse no chan e volver incorporarse. Repetilo 10 veces.
3. Andar 50 pasos pola túa casa.
4. Manter o equilibrio sobre un pé 15 segundos facendo a postura de supermán ou superwoman.
5. Enfermaches de covid! Tes que repousar, quedando unha vez sen tirar.
6. Encestar rolos de papel hixiénico no cesto da roupa, que estará situada a tres metros. Disporás de catro lanzamentos debendo meter dous.
7. Bailar unha canción que máis che guste: Youtube, radio, cd, ou mesmo cantada por ti.
8. Reptar por debaixo das camas dos distintos dormitorios.
9. Atopaches a vacina! De vacina á vacina e tiro porque me toca. Pasas a casilla 15 e volves tirar.
10. Percorrer o pasillo levando un ou dous rolos de papel hixiénico sobre a cabeza, sen que caia.
11. Desprazarse en zigzag entre os rolos de papel hixiénico que poñas polo pasillo. Debes facelo ida e volta..
12. Infectáchete co COVID! Debes gardar repouso, quedando unha vez sen tirar.
13. Facer unha canción de palmas cunha parella : don Federico, na rúa 24, ou calquera que saibas.
14. Atopar unha mascarilla cos ollos tapados (cun pano ou antifaz) seguindo as orientacións dos demais. Ao atopala poñela correctamente.
15. Atopaches unha nova vacina. De vacina a vacina e tiro porque me toca. Pasas á casilla 19 e volves tirar.
16. Desprazarse en marcha por toda a casa..
17. Poñerse a ponte e cunha man ir colocando catro rolos de papel hixiénico (que teremos no chan) facendo unha torre.
18. Saltar a pés xuntos (á dereita e á esquerda) unha ringleira de rolos de papel hixiénico que poñas polo pasillo.
19. Atopaches unha vacina mellorada que permitirá recuperararte e poder tirar de novo.
20. Enfermaches de COVID, debes gardar repouso, quedando unha vez sen tirar.
21. Lanzar un rolo de papel hixiénico cara arriba, sentarse e collelo sen que caia ao chan.
22. Facer unha masaxe a un xogador/a.
23. “Bolos hixiénicos”. Poñer “bolos” (rollos de papel hixiénico) nunha liña e derribalos con axuda doutro bolo lanzando a 3 metros. Terás 3 lanzamentos derribando como mínimo 4 bolos. Os bolos derribados vanse quitando.
24. Pá hixiénica. Deberás golpear coa palma da man o rolo hixiénico sen que caia o chan durante 30 segundos.
25. Para vencer o COVID debes lavar moi ben as mans e a cara.
26. Noraboa! Conseguiches a vacina definitiva coa que salvarás a humanidade. Es o gañador/a do xogo.

Para o desenvolvemento do xogo debes recortar e escoller a ficha que máis vos guste. Do mesmo xeito debes recortar a medalla e coloreala para entregala ao gañador ou gañadores. A pásalo ben!

Para facer a medalla escolle un modelo e pégaos por diante e por detrás nunha cartulina ou cartón. Posteriormente un adulto que perfore para meter un cordón ou fio de lá a medida do gañador para poñela no pescozo.

Fichas para xogar:

Premios medallas (no seu interior debuxa algo relacionado coa temática e coloreala)

